OPCIÓN 1

NON PARTICIPAREI

EN NINGUNHA MOBILIZACIÓN.

Seguiremos debatendo e organizándonos nas asembleas.

A túa voz tamén conta.

OPCIÓN 2

UNHA GRAN MOBILIZACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

EN FEBREIRO OU MARZO.

Facer unha ampla chamada a todas as persoas dentro da comunidade educativa, persoal docente e non docente, ANPAS, AFAS, Confederacións, estudantado.

De diferentes etapas educativas: 0-3, Educación Especial, Infantil, Primaria, Secundaria, FP, Escolas de Idiomas, de Arte, de Adultos.

Unirnos, unir loitas e demandas para un fin común:
EDUCACIÓN PÚBLICA E DE CALIDADE!

OPCIÓN 3

FOLGA DE 15 DÍAS EN DECEMBRO, COINCIDINDO COA AVALIACIÓN.

Nos días que dura a folga, non acudimos ao centro, non participamos nas reunións de avaliación, tampouco poñemos as notas en XADE. Os boletíns enviaranse en branco.

Non hai prazo de avaliación, pero si comunicación e información para as familias.

O trimestre non remata. O sistema paralízase.



OPCIÓN 4

FOLGA INDEFINIDA EN MARZO

Unha folga que sabemos cando comeza, mais non cando remata.

En que momento nos baixariamos da folga?

Cando nós, como comunidade educativa, vexamos uns acordos coa Consellería dignos das nosas demandas.

Canto duraría?

Varios condicionantes: Se somos moitas persoas facendo folga, máis "músculo" temos para negociar, máis forte será o ruído e a repercusión, máis presión terá a Consellería para sentarse con nós.

Un verdadeiro cambio sae dunha loita conxunta.
A folga derradeira.

OPCIÓN 5

FOLGA INDEFINIDA E ALTERNA EN MARZO.

Sen data de remate establecida. Pararemos en marzo, pero comezaremos a preparala en cada centro desde xa.

Paros repartidos en quendas. Nas provincias ou comarcas.

Indefinida na duración, constante nas reivindicacións.